



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.gal>

IX CONCURSO : “LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión dos premios do IX Concurso de relatos curtos e carteis gráficos “**Loita contra a violencia de Xénero**”, organizado polo Concello de Negreira a través do Centro de Información á Muller (**CIM**) co fin de sensibilizar á poboación sobor desta lacra social.

BASES DE PARTICIPACIÓN:

- 1ª.** Poderán participar tódalas persoas **menores de 18 anos**.
- 2ª.** Os traballos presentados deberán ser **entregados** no **Centro de Información á Muller** no Concello de Negreira, nun sobre pechado. Deberá constar un número de teléfono de contacto e en ningún caso deberá aparecer o nome da persoa participante. A identificación da persoa levarase a cabo mediante o uso dun **pseudónimo**.
- 3ª.** O concurso constará de dúas modalidades: **relato curto** e **cartel gráfico**. A temática a que deben axustarse os traballos é a Loita contra a Violencia de Xénero en tódalas súas manifestacións: física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural... así como os efectos e consecuencias da mesma en tódalas persoas que a sofren.
- 4ª.** Os traballos presentaranse en **galego ou castelán**. No caso dos relatos terán como extensión **máxima 5 folios (DIN-A4)**.
- 5ª.** Tódolos traballos que se presenten deberán ser **orixinais**, inéditos e non presentados en anteriores concursos neste ou noutro concello. De non ser así, quedarán inmediatamente excluídos do concurso.
- 6ª.** Os **criterios de valoración** para elixir ós traballos premiados serán os seguintes: contido e tratamento do tema, orixinalidade, expresión e presentación en xeral.
- 7ª.** O prazo para a presentación dos traballos é do **21 de outubro ó 21 de novembro de 2019**.
- 8ª.** Os traballos orixinais quedarán en poder do CIM de Negreira que se reserva o dereito para a súa publicación, exposición, doazón ou calquera outro uso posterior, sempre sen ánimo de lucro.

9ª. Entre tódolos traballos recibidos un xurado independente seleccionará os gañadores de cada modalidade e concederá os seguintes agasallos :

-Premio ó mellor relato curto: vale regalo por importe de 100 Euros a utilizar nunha tenda da vila.

-Premio ó mellor cartel gráfico: vale regalo por importe de 100 Euros a utilizar nunha tenda da vila.

10ª. A entrega de premios levarase a cabo o vindeiro **23 de Novembro** ao remate da andaina: **“Negreira camiña contra a Violencia de Xénero”**. A organización contactará previamente cos premiados por teléfono para que asistan ó acto de entrega a recoller o seu agasallo en persoa. De non poder facelo, designará previamente a un sustituto que o fará no seu nome.

11ª. Os traballos gañadores poderán divulgarse a través dos **medios de comunicación locais**.

12ª. As persoas participantes serán as únicas responsables do contido respetando as esixencias legais de dereitos, de autoría ou plaxio, segundo as leis vixentes.

13ª. Tódolos participantes están obrigados a cumprir estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado e as súas decisións serán inapelables.